



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono:881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal

# MEMORIA

## Contratos-programa (CP Inclúe)

**2023-2024**

## DESINFORMACIÓN E REDES SOCIAIS

### Elisa Piñón Hermida:

Antiga alumna do CPI Atios de Valdoviño e graduada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (colexiada nº 21089 no Col·legi de Periodistes de Catalunya) e especializada en comunicación científica.



Actualmente traballa na comunicación dun proxecto de europeo de investigación do cancro ([ecanja.eu](http://ecanja.eu)) no Institut Català d'Oncologia (ICO) en Barcelona.



A súa traxectoria académica é diversa: ten un máster en Estudos Internacionais sobre Medios, Poder e Diversidade pola Universitat Pompeu Fabra (UPF), e formación en Comunicación Científica Teórica e Práctica pola Universidade de Copenhague (KU).

O seu perocorrido laboral tamén se nutre de múltiples disciplinas: por unha banda traballou como xornalista de actualidade na axencia de noticias Europa Press.

Máis adiante foi asistente de investigación na universidade e finalmente adentreime no mundo da comunicación científica a través dunha start-up adicada á fotónica.

## O proxecto

O proxecto "Desinformación e redes sociais" é un obradoiro que pretende dar resposta á necesidade de achegar recursos e ferramentas en materia de educación mediática a rapaces e rapazas na era dixital. Nun momento de sobreinformación e circulación constante de noticias falsas, a formación de pensamento crítico e a educación mediática son un recurso imprescindible para entender a realidade complexa que vivimos e os cambios que nos enfrentamos como individuos e sociedade.



A formación foi dirixida a rapaces e rapazas de entre 15 e 16 anos, a idade na que comezan a ter axencia propia, capacidade para formar o pensamento crítico e o momento no que seguramente adquiran máis liberdade para navegar por internet e as redes sociais.



A duración do taller adaptouse ás necesidades da aula e o tempo dispoñible da clase. Idealmente está pensada para durar unha hora.

O contido do obradoiro foi o seguinte:

- Pequena introdución persoal para contextualizar quen e de que se vai falar no obradoiro.
- Xogo verdadeiro/falso: proxéctanse na aula varias noticias/publicacións de redes sociais e pídeselle ao estudiantado que decida se pensan que esa noticia/publicación é verdadeira ou falsa. Sométese a debate e revélase a resposta correcta.
- Tipos de desinformación
- Características da desinformación e exemplos
- Por que e quen crea as noticias falsas?
- Como se combate a desinformación?
- Ferramentas para detectar a desinformación



Enlace a galería de fotos: <https://photos.app.goo.gl/5BCzBkCh84WojrAw7>

# CELEBRACIÓN DO DÍA DO NEOFALANTE.

27/09/2023

O Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ferrolterra celebra da man dos concellos de Cabanas, Mugaros, Neda, Valdoviño e Ares, o Día do Orgullo Neofalante. Co gallo da conmemoración do nacemento do músico Andrés do Barro, que acadou cotas de éxito inéditas cantando en galego, afondarase na música como recurso para promover competencias e actitudes en positivo cara á lingua galega.

Nesta edición, vai da man do equipo da cooperativa ferrolá Rexenerando, que deseñou unha proposta de intervención socio-educativa para desenvolver co alumnado dos centros de ensino da comarca a través do obradoiro “Somos un pobo de artistas”, frase que fixo célebre Xurxo Souto no seu xa mítico programa musical na Radio Galega “Aberto por reformas”.



Impartido por Andrea Rico Adegá.







ENLACE A FACEBOOK:

[https://m.facebook.com/story.php?story\\_fbid=pfbid02RHboeZqMixuNaPBLjneYDHm76fWc675CCG9qoBAnPL8DQ4Mjg8ahRNnf2ZVV7kUrl&id=100068870093831](https://m.facebook.com/story.php?story_fbid=pfbid02RHboeZqMixuNaPBLjneYDHm76fWc675CCG9qoBAnPL8DQ4Mjg8ahRNnf2ZVV7kUrl&id=100068870093831)




## 8 MARZO

O Día Internacional da Muller, antes denominado Día Internacional da Muller Traballadora, conmemora cada 8 de marzo a loita das mulleres pola súa participación na sociedade e o seu desenvolvemento íntegro como persoa, en pé de igualdade co home.




Nos este ano quixemos dar o enfoque máis cercano así o alumnado destacou e falou das mulleres importantes na súa vida, aquelas que lles ensinaron o valor do amor incondicional, a forza e a determinación.





Falaron das nais como un exemplo de loita e perseveranza, sempre sacrificando polo benestar da súa familia as avoas, coa súa sabedoría e consellos, as amigas, co seu apoio incondicional, en definitiva, todas aquelas que deixaron unha pegada indeleble e contribuíron a formar as persoas que somos hoxe.



## 25 DE NOVIEMBRE

# DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A violencia contra as mulleres e as nenas segue sendo unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas e xeneralizadas do mundo. Calcúlase que, case una de cada tres foron vítimas de violencia física, psicolóxica e/o sexual polo menos unha vez na súa vida.

Trátase dunha secuela que se intensificou en diferentes contornas, incluídos o lugar de traballo e os espazos en liña, e viuse agravada polos efectos pospandemia, os conflitos e o cambio climático.

A violencia contra mulleres e nenas segue relativamente silenciada por un sistema que facilita a impunidade dos perpetradores, a estigmatización social e a vergoña que sofren as vítimas. Aínda que todas as mulleres, en todas partes do mundo, poden sufrir violencia de xénero, algunhas mulleres e nenas son particularmente vulnerables.

Exemplo delas son as nenas e as mulleres máis maiores, as mulleres que se identifican como lesbianas, bisexuais, transxénero ou intersex, as migrantes e refuxiadas, as de pobos indíxenas ou minorías étnicas, ou mulleres e nenas que viven co VIH e discapacidades, e aquelas en crises humanitarias, como é o caso actual da crise en Gaza, das que nos lembramos nestes días especialmente.



A violencia contra a muller segue sendo un obstáculo para alcanzar igualdade, desenvolvemento, paz, do mesmo xeito que o respecto dos dereitos humanos de mulleres e nenas. O que é máis, a promesa dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de non deixar que ninguén quede atrás, non poderá cumprirse sen primeiro poñer fin á violencia contra mulleres e nenas.

Por iso, dende o CPI de Atios, queremos berrar conxuntamente **BASTA XA!** Non podemos continuar así. Rapazas e rapaces, todos nós feministas, imos parar esta inxustiza.

E imos a facelo dende o noso ámbito. Como?  
Non rindo chistes machistas.

Non alentando o discurso negacionista.

Non desculpando a rapaces ou homes que exercen ese tipo de violencia.

Non mirando para outro lado ante unha situación deste tipo e posicionándonos do lado da vítima.

Non soportando relacións de parella de control, onde nos revisan o móbil, as amizades, a forma de vestir...

E dicindo **NON!** E respectando os  
**NON!** Nas mans de todas e todos  
nós está. Atios berra: **NIN UNHA  
MENOS, NIN UNHA MÁIS!**



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA**  
**EDUCACIÓN, FORMACIÓN**  
**PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**



CPI de ATIOS  
Valdoviño

**Avda. de San Sadurniño 33**  
**15552 Valdoviño**  
**Teléfono:881 938 107**  
**[cpi.atios@edu.xunta.gal](mailto:cpi.atios@edu.xunta.gal)**



## APADRINAR UN NENO OU NENA

Polo Día do Libro levamos a cabo o apadriñamento lector entre alumnos que é unha práctica educativa na que un estudante máis avanzado ou con maior habilidade lectora ("padriño" ou "madrinha") asóciase cun estudante menos avanzado ou que necesita apoio adicional en lectura ("afillado" ou "afillada") para fomentar o amor pola lectura e mellorar as habilidades lectoras.



O noso apadriñamento lector entre alumnos tenou abordar os seguintes contidos:

### ***Importancia da lectura:***

- Exploración dos beneficios da lectura para o desenvolvemento cognitivo, lingüístico e emocional.
- Comprensión de como a lectura mellora a comprensión, o vocabulario e as habilidades de escritura.

### ***Modelos de apadriñamento lector:***

- Presentación de diferentes modelos e enfoques de apadriñamento lector entre alumnos.
- Discusión sobre as estratexias efectivas para emparellar aos padriños cos afillados segundo as súas necesidades e preferencias.



### ***Roles e responsabilidades:***

- Clarificación dos roles e responsabilidades tanto dos padriños como dos afillados.
- Establecemento de expectativas claras sobre a frecuencia e a duración das sesións de lectura.



### ***Selección de libros:***

- Estratexias para seleccionar libros apropiados para os afillados, @teniendo en cuenta os seus intereses, nivel de lectura e obxectivos de aprendizaxe.
- Recursos e ferramentas para atopar libros adecuados para diferentes idades e niveis de habilidade.

### ***Estratexias de lectura compartida:***

- Técnicas para realizar sesións de lectura compartida de maneira efectiva e participativa.
- Fomento da comprensión lectora a través de preguntas, discusións e actividades relacionadas co texto.

Enlace as fotos:

<https://photos.app.goo.gl/hKzUSnMLE5eokV5GA>

Enlace ao video:

<https://drive.google.com/file/d/1y3V84!On97SsJMY2CVBlySxYAfseccjI/view>



## AQUÍ TAMÉN SE FALA

*O CPI de Atios participa neste curso 2023-24 nesta campaña de dinamización lingüística da mocidade estudantil, con accións directas nos barrios e na contorna inmediata de cada alumno.*

*Esta campaña pon especial atención á música e á cultura galega realizando gravacións e entrevistas que se divulgan nas redes sociais. Quere rachar cos prexuízos que pretenden dar unha imaxe distorsionada dunha suposta Galicia que non fala galego ou de que no mundo da empresa non se usa, nin nos barrios, nin nas vilas.*

*A tarefa é doada, entramos nun local, preguntamos se podemos poñer un cartaz do colexio para fomentar o uso do galego e explicamos que se dará publicidade desde as redes sociais. por iso é preciso facer unha fotografía do establecemento onde se vexa o cartaz. mellor aínda se sae algunha persoa aguantando o póster*







**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono:881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal



*Instagram: falangueiratios*

*Enlace as fotos: <https://photos.app.goo.gl/cPxYC3SWSePcDPGs7>*



## CHICAS NUEVAS 24 H

*O centro dentro das actividades previstas no Contrato Programa Inclue-T participa na proposta do Concello que se desenvolverá na Casa da Cultura de Valdoviño.*

*A actividade tivo unha duración de dúas horas e media con cada grupos e tivo como eixe conductor o documental de Mabel Lozano “Chicas Nuevas 24H” sobre a prostitución, e consistiu na visita a unha exposición, o visionado do documental e unha charla posterior.*



O documental realiza unha investigación en cinco países (Arxentina, Colombia, Paraguai, Perú e España) sobre o negocio da escravitude sexual, a través do testemuño de mulleres e nenas.

Reconstrúe así un negocio que move 32 mil millóns de dólares ao ano. A ONU calcula en 2,4 millóns as vítimas de trata de seres humanos, das cales o 79 % son mulleres e nenas que foron introducidas en Europa para ser explotadas sexualmente.



Enganadas coa promesa de conseguir unha vida mellor, son explotadas sexualmente contra a súa vontade. Concienciar a Gobernos, medios de comunicación e cidadanía pode axudar a erradicar a escravitude sexual.

## Premios

2015: Premios Goya: Nomeada a mellor documental.

2016: Premios Platino: Nomeado a mellor documental.4

## As quedas para a realización da actividade foron as seguintes:

*Martes 19 de marzo:*

*De 10.00 a 12.30 h: 3º ESO A*


*De 12.30 a 15.00 h: 3º ESO C*

*Mércores 20 de marzo:*

*De 10.00 a 12.30 h: 3º ESO B + 4º ESO C*

*De 12.30 a 15.00 h: 4º ESO A + 4º ESO B*










## DÍA DE ROSALIA

Rosalía de Castro foi unha destacada escritora e poetisa galega do século XIX. Nada en Santiago de Compostela en 1837, converteuse nunha das figuras máis importantes da literatura en lingua galega. A súa obra destaca pola súa sensibilidade, melancolía e profundo amor pola súa terra natal.



Ao longo da súa vida, Rosalía de Castro experimentou o desarraigamento, a soidade e a tristeza, que se reflicten na súa poesía, onde aborda temas como a nostalxia, a morte, o amor e a natureza. Os seus versos están impregnados dunha profunda emoción e unha beleza melancólica que conquistou a numerosos lectores e críticos.

Ademais do seu destacado labor como poeta, Rosalía de Castro tamén foi unha defensora da cultura galega e da súa lingua. Escribiu en galego cando esta lingua estaba en perigo de desaparición e foi unha das precursoras do Rexurdimento, movemento cultural que renovou a literatura galega.

Rosalía de Castro faleceu en 1885, deixando tras de si un legado literario inmortal que perdurou ao longo dos anos. A súa poesía segue sendo unha fonte de inspiración e un testemuño da beleza e a profundidade da alma galega. Sen dúbida, Rosalía de Castro é unha das figuras máis importantes da literatura galega e a súa obra continúa emocionando e conmovendo a quen ten o privilexio de lela.



O CPI de Atios festexou o venres, 23 de febreiro, o Día de Rosalía de Castro cun achegamento á poesía e á narración oral dun xeito lúdico, divertido e saboroso.



O alumnado recitou rimas, poesías e leu contos para festexar o aniversario do nacemento da escritora o 23 de febreiro de 1837.

Por outra banda o profesorado preparou material para que cada nivel educativo accedera a información sobre a vida e obra de esta galega ilustre.





Estas actividades desenvolveronse ao longo de toda a mañá, sendo o acto central no patio da cafetería as 12:00 horas donde o alumnado do centro , presenciou a lectura da obra de Rosalía de Castro “AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES”





## DIA DA PAZ 2024



O Día Escolar da Non Violencia e a Paz vén conmemorándose desde hai anos cada 30 de xaneiro na comunidade educativa do noso país e de moitos outros do mundo.

Sen dúbida, a paz é o soño da humanidade. Por este motivo, os centros de ensino tentamos contribuír a este ideal dunha ou outra maneira, e de forma transversal.

A nosa escola, coa súa mirada inclusiva, pretende ser un lugar de aprendizaxe por e para todos.

E desenvolve un papel fundamental na iniciación dos principios de concordia e harmonía entre as persoas, tanto cos máis pequenos e como cos máis maiores.

Este día é especial e moi importante para a nosa comunidade porque a escola busca un obxectivo: desenvolver nos alumnos hábitos e actitudes de respecto e tolerancia para crear un clima sen violencia en calquera ámbito das súas vidas.

E xa que os centros escolares son lugares de socialización para todo tipo de nenos e adolescentes, conmemorar este día supón transformar as instalacións educativas en sitios cheos de tolerancia e respecto, onde todos os alumnos comprométense a traballar pola paz e a non violencia.

E é que todo esforzo é pouco cando queremos lograr unha formación integral do alumno desde todas e cada unha das áreas do currículo.

Este ano todo o alumnado do centro baixo ao patio e presenciaron unha simulación do son das sirenas que anticipan os bombardeos nas guerras, posteriormente leuse un manifesto por parte do alumnado da ESO e finalmente gardamos un minutos de silencio en recordo de todas as vítimas das guerras.


Por outra banda os ciclos de infantil e primaria desenvolveron diferentes actividades relacionadas co conmemoración e as titorías de secundaria elixiron un conflito bélico para traballar durante esta semana nas aulas.

## Ficha de traballo do 1º ciclo de primaria



## Listaxe de conflitos traballados en secundaria

Grupo	Conflicto	Grupo	Conflicto
1ºESO A	Guerra en Sudán	3º ESO B	Guerra en R.D. do Congo
1ºESO B	Guerra en Ucraína	3º ESO C	Guerra en Nigeria
2ºESO A	Armenia e Azerbaian	4º ESO A	Conflicto del Yemen
2ºESO B	Ditadura en Myanmar	4º ESO B	Guerra civil en Somalia
3ºESO A	Conclicto del Sáhara Occ.	4º ESO C	Conflicto Palestino-Israelí



Enlace a galerías de fotos: <https://photos.app.goo.gl/JJyh8REfordGrkHu7>

## LECTURA

## DÍA DA PAZ 2024

**MAHAMA GANDHI** foi un político Indio e é dos máximos símbolos universais da paz.

Co tempo volveuse unha gran inspiración mundial para os movementos non violentos polos dereitos civís e o cambio social, económico e político. Logrou conseguir a independencia de India no 1947 sen empregar a violencia nas súas protestas.

Unha das súas metas era abolir as castas, alcanzar a xustiza social e a concordia entre relixións. Animou ao pobo indio para rebelarse sen utilizar a violencia contra o Imperio Británico.

En honor a el o 30 de Xaneiro celébrase o Día escolar da Non Violencia e da Paz. Aínda que Gandhi logrou a independencia de India defendendo a non violencia, parece que hoxe en día todo iso se esqueceu. Na actualidade, podemos ver que hai moitos conflitos bélicos de gran violencia e cun importante uso de armas como o de Rusia e Ucraína, Siria, Gaza e outros que se verán reflectidos no mapa feito polas titorías.

Hoxe tamén é o día da non violencia escolar, por iso, debemos recordar que temos que respectarnos nas aulas e rexeitar a violencia, tanto física como psicolóxica. No noso día a día temos que favorecer a convivencia e o respecto entre nós fomentando o bo comportamento, a tolerancia e o compañeirismo. Ademais de tratar ben e en igualdade aos compañeiros e compañeiras, debemos dar aviso ao profesorado se nos damos conta de que alguén está sufrindo acoso escolar ou vemos unha situación de violencia entre compañeiros, xa que o silencio tamén nos fai culpables.

Recordade: para seguir o legado que deixou Gandhi debes ser o cambio que desexades ver no mundo e a PAZ é o camiño

# TEATRO FORO: A PORNOGRAFÍA NA ADOLESCENCIA,

Esta actividade é un proxecto subvencionado pola Deputación da Coruña, un foro de sexualidade co obxectivo de obter información de primeira man de cal é o consumo de pornografía que fan @s m@zos e tamén coa finalidade de xerar no grupo un debate pedagóxico sobre esta temática. As ideas servirán para poñer en marcha o espectáculo teatral: DeseXo.



**TEATRO FORO**  
**A PORNOGRAFÍA NA ADOLESCENCIA**  
programa de investigación teatral  
con Diego Rey, Bárbara Penas, Marta Ríos e Dani Trillo

talía teatro 

01/02/2024_ IES Xelmirez II_ Santiago de Compostela	06/02/2024_ CPI O Cruce_ Cerceda
02/02/2024_ CPI Atios_ Valdoviño	07/02/2024_ IES Félix Muriel_ Rianxo
05/02/2024_ IES Rego da Trabe_ Culleredo	08/02/2024_ IES Adormideras_ A Coruña

Na actividade participan 3º ou 4º da ESO e realizaron 2 obradoiros .

Cada obradoiro desenvolveuse en dúas horas lectivas e se traballou con alumnado de aulas "naturais".

- 1º grupo de 9:35 a 11:15 h
- 2º grupo de 11:35 a 13:15 h

Coordinou a actividade Luisa Pita a nosa profesora responsable das actividades extraescolares e complementarios.







# Bárbara Penas

TRABALLADORA SOCIAL E  
SEXÓLOGA ESPECIALIZADA EN  
XÉNERO

barbarapenasrey@gmail.com

646153179

## APTITUDES

Coordinación equipos



Dinamización grupos



Liderazgo



Autonomía



Programación proxectos



Adaptación ao cambio



## LINGUAS

Galego · nivel nativo

Inglés · nivel intermedio

Español · nivel nativo

## S O B R E M I N

Son unha persoa movida polos valores ds xustiza social, o feminismo, a ecoloxía e a sexoloxía. Creo que sen compromiso non hai cambio social, por iso colaboro na creación dunha nova ONG, chamada **Cromosomos X**, onde varias persoas poñemos a disposición os nosos coñecementos para levar educación menstrual e sexual de calidade a tódolos rincóns do planeta. Estudiei traballo social por vocación e hoxe en día a miña labor está máis orientada a un traballo social educativo.

## EXPERIENCIA

### Técnica de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global

Fundación InteRed en Galicia (ONGD) | Out 2019- Febr 2023

- Coordinación, planificación, execución e xustificación de proxectos coeducativos no ámbito da Cooperación Galega de la Xunta de Galicia. Especialmente formación en igualdade en centros educativos e profesorado.
- Dinamizar grupos de voluntariado, grupos de traballo e diferentes actividades no marco dos proxectos coeducativos.

### Coordinadora de proxectos de Educación non Formal

Permacultura Cantabria (ONG) | Nov 2018 - Out 2019

- Levar a cabo a coordinación, planificación e dinamización de proxectos de formación para adultos, no marco de proxectos financiados polo programa europeo Erasmus+ .
- Coordinación de equipos de traballo e voluntariado adscrito aos proxectos.

### Técnica de proxectos socioculturais

Anacos: proxectos socioeducativos e culturais | Xuño 2017 - Xullo 2018

- Deseño de proxectos socioeducativos no ámbito da formación non formal, seguimento, execución e avaliación dos mesmos.
- Dinamización de grupos en cursos de voluntariado, xénero e sexualidade e tempo libre.

### Traballo por conta propia

Escolas de tempo libre, asociacións medioambientais, institutos, compañías de teatro | 2018 - actualidade

- Como experta en sexoloxía e xénero, levo a cabo a miña labor educativa, consultora e divulgativa con diferentes axentes sociais na formación de sociedades máis libres e igualitarias.
- Entidades coas que colaboro: EUTS (Escola de traballo social de Santiago), Asociación Amabul, Escuela de Tiempo Libre Aloumiña, Crémilo Proyectos, ONG Cromosomos X e diferentes centros educativos galegos.

## F O R M A C I Ó N

Setembro 2019 - outubro 2020

### Diplomado: Resolución de conflictos a través do xogo e da arte

Asociación Otra Escuela

Setembro 2016- Setembro 2017

### Máster en Sexoloxía e Xénero

Fundación Sexpol

Setembro 2012 - setembro 2016

### Grao en Traballo Social

Universidade de Santiago de Compostela



## HOXE RECIBÍN FLORES – MARIANO OSORIO

Non é o meu aniversario ou ningún outro día especial; tivemos o noso primeiro desgusto onte á noite e el díxome moitas cousas crueis que en verdade ofendéronme. Pero se que está arrepentido e non as dixo en serio, porque el me mandou flores hoxe.

Non é o noso aniversario ou ningún outro día especial; onte á noite lanzoume contra a parede e comezou a aforcarme.

Parecía un pesadelo, pero dos pesadelos espertos e sabes que non é real; levanteime esta mañá dolorida e con golpes en todos lados, pero eu sei que está arrepentido; por que el me mandou flores hoxe.

Recibín Flores hoxe e non é día de San Valentín ou ningún outro día especial; onte á noite golpeoume e ameazou con matarme; nin a maquillaxe ou as mangas longas podían esconder as cortadas e golpes que me ocasionou esta vez.

Non puiden ir ao traballo hoxe, porque non quería que se desen conta. Pero eu sei que está arrepentido; por que el me mandou flores.

Recibín Flores hoxe e non era o día das nais ou ningún outro día especial. Onte á noite o volveu golpearme, pero esta vez foi moito peor.

Pero se logro deixalo, Que vou facer? Como podería eu soa sacar adiante aos nenos? Que pasará se nos falta o diñeiro? Téñolle tanto medo! dependo tanto de el que temo deixalo. Pero eu sei que está arrepentido, porque el me mandou flores hoxe.

Recibín Flores hoxe. Hoxe é un día moi especial: "É o día do meu funeral".


Onte á noite por fin logrou matarme. Golpeoume ata morrer.

Se polo menos tivese o valor e a fortaleza de deixalo. Se lese o medo nos ollos dos meus fillos. Se aceptase axuda profesional, Hoxe non recibise flores!



## POEFLIX

Para conmemorar o Día das Escritoras, celebrado o 16 de outubro, recreamos a interfaz da famosa plataforma de contidos audiovisuais Netflix e aí demos cabida ás escritoras máis salientables.



Participaron na iniciativa as materias de lingua galega, lingua castelá e francés, e os alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO; e incluímos autoras dende a Idade media ata a actualidade.









**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33  
15552 Valdoviño  
Teléfono:881 938 107  
cpi.atios@edu.xunta.gal





## XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN ASPANAES

Os membros de Aspanaes do centro residencial interactuaron co alumnado de 5º e 6º do CPI Atios de Valdoviño tentando concienciar e impulsar a inclusion e ter coñecemento sobre as persoas con autismo asi como as xornadas tiveron a finalidade de reforzar o respecto e o compromiso coa diversidade.



### CONCIENCIAR SOBRE O AUTISMO

Implica educar ás persoas sobre este trastorno do neurodesarrollo, promovendo a comprensión, a aceptación e o apoio ás persoas autistas.

Nesta actividade aprendimos:

- Os mitos e realidades sobre o autismo.
- A diversidade do espectro autista e o recoñecemento da diversidade no espectro autista.
- Que cada persoa autista é única e ten as súas propias fortalezas e desafíos.
- Os desafíos e barreiras ao que enfrontan as persoas autistas na educación, o emprego, as relacións sociais e outras áreas da vida.
- A importancia do diagnóstico temperán e o acceso a servizos de intervención e apoio.
- A promoción de contornas inclusivas e accesibles para persoas autistas
- As estratexias para fomentar a inclusión en contornas educativas, laborais e comunitarios.



## O RESPECTO A DIVERSIDADE

Aceptar a diversidade é fundamental para construír unha sociedade inclusiva e respectuosa onde todas as persoas sexan valoradas polo que son e donde debemos de reconecer a riqueza e a complexidade da diversidade humana.

Nesta actividade

- Exploramos os beneficios sociais, culturais, económicos e cognitivos da diversidade.
- Identificamos os prexuízos, estereotipos e discriminación que afrontan as persoas debido á súa diversidade.
- Reflexionamos sobre os impactos negativos da exclusión e a marxinalización na sociedade.
- Aprendimos as actitudes e comportamentos respectuosos cara a todas as persoas, independentemente das súas diferenzas.
- Fomentamos a empatía, a tolerancia e a comprensión mutua como bases para a convivencia pacífica.



# BANKSY



Banksy es un autor de grafitis de fama mundial. Pero su identidad es un misterio, pues se desconoce su verdadero nombre. Se piensa que nació en Bristol, Reino Unido, alrededor del año 1973.

Este artista urbano logra que el arte callejero sea reconocido por instituciones de la alta cultura como galerías, museos...

El arte de Banksy está principalmente en la calle, accesible a todo el mundo, y no pide autorización a la hora de pintar sus grafitis. Muchos de ellos están en zonas desfavorecidas de la ciudad, lugares ruinosos... o en determinadas ciudades del mundo. Con ello lo que quiere es transmitir un mensaje.

Algunos de los temas más importantes para Banksy son la crítica al consumismo, la obsesión por la seguridad y la vigilancia de la población, la guerra, las armas, el muro...

Su técnica más utilizada se basa en la creación de plantillas sobre las que después aplica pintura con aerosol. Rompe con lo que se considera comúnmente el arte.


Una de las obras más famosas es "Niña con globo", pintada sobre un muro y también serigrafía.



PEACE

NOMBRE: \_\_\_\_\_ FECHA: \_\_\_\_\_

Escribe el título de las siguientes obras de Banksy representadas para el Día de La Paz



En las imágenes anteriores, rodea la pintura realizada por nuestra clase. ¿Qué significa para ti esta obra?

---

---

---

---

¡MÁS  
QUERER  
PAZ

NOMBRE: \_\_\_\_\_ FECHA: \_\_\_\_\_

Banksy regaló un mural a una escuela de primaria de Bristol.  
Te animas a reproducirla?